

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de outubro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta de setembro de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**


Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería do Medio Rural e do Mar, con data RE 02 de outubro de 2013 N° RE 4934, relativa a programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014.
2. Comunicación da Deputación de Ourense, con data RE 03 de outubro de 2013 N° RE 4948, relativa a autorización da execución da obra do Plan Provincial, denominada Acondicionamento da Estrada Nac 120- Santo Estevo de Novoa.
3. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, con data RE 03 de outubro de 2013 N° RE 4952, relativa a autorización para aproveitamento hidroeléctrico no río Avia, e no seu caso presentación de alegacións.



## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **CONVENIOS DE COLABORACIÓN.-**

Dase conta polo Secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Federación Galega de Balonmán, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
2. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Agrupación Deportiva Escolar O Ribeiro, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

Consta informe xurídico de data 30.09.2013.

### **APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2013, por importe de 53.054,08 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 15 de outubro e o 17 de decembro de 2013.”

### **XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE TURISMO PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO.-**

O abeiro da Resolución da Axencia Galega de Turismo do 16 de xuño de 2013, polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2013, en particular o artigo décimo cuarto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:


1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.

2º.- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concebida a subvención e toma de razón en contabilidade.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/13.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6 /13, por importe de 20.519,46 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº7/13.-**



“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº7 /13, por importe de 21.184 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERIA DE EDUCACION PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A REDUCCION DO ABANDONO ESCOLAR NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2013.-**

O abeiro da Orde do 26 de abril de 2013, polo que se aproban as bases e se convocan subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos a redución do abandono escolar nos Concellos de Galicia para o ano 2013, en particular o artigo dezaito, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:


- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concebida a subvención.
- 3º.- Que se realizaron as actividades que se describen na memoria que se achega.
- 4º.- Que esta entidade non ten solicitado, aprobado, concedido nin pendente de resolución outras subvencións ou ingresos para a mesma finalidade.

**RESOLUCIÓN do 13 de setembro de 2013 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013.**

O abeiro da Resolución do 13 de setembro de 2013 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Acolleuse a devandita Resolución acordando aprobar a participación no presente Plan Marco.
- 2º.- Prestar aprobación o proxecto denominado “Acondicionamento do Camiño dende a N-120 a A Barouta”, redactado polo enxeñeiro agrícola D. Manuel Rojo López, por importe de 38.281,38 euros.
- 3º.- Asumir, unha vez concedida a subvención e recepcionadas as obras, a súa explotación, mantemento, conservación, por un prazo de 5 anos.
- 4º.- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante dende a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72-1 do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- 5º.- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo Concello.

**XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERIA DE TRABALLO PARA ENTIDADES DE ACCION VOLUNTARIA E A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS ENMARCADAS NO PROGRAMA SERVICIO DE VOLUNTARIOADO XUVENIL.-**



O abeiro da Orde do 15 de maio de 2013, polo que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a concellos e mancomunidades de municipios enmarcadas no programa servizo de voluntariado xuvenil, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.

2º.- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concebida a subvención.

3º.- Que se realizaron as actividades que se describen na memoria que se achega.

4º.- Que esta entidade non ten solicitado, aprobado, concedido nin pendente de resolución outras subvencións ou ingresos para a mesma finalidade.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

